

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2024/4

DATA: xoves 29 de febreiro de 2024

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:03 h

HORA DE REMATE: 22:55 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacto esta acta.

ASISTEN

PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑÍZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO
BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
SARELA BETANZOS FREIRE

AUSENTES

PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
Rianxo en Común
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 617.936 exp. 2024/G010/000004

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTAS
2. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR CATRO LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER TAXI NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA) . EXPTE 2023/V014/000002
3. NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DE RIANXO A MARUXA MIGUÉNS (ORBITA ECLÍPTICA) E XOSE ROMERO OS GAITEIROS - OS ROSALES - DE ASADOS. EXPTE.: 2024/X999/000104

PARTE DE CONTROL

4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
5. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

37bf0420f745a2b308f68a90080a7577ad6cbd726f4a436ceedc76d3ed65a53

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=nJNvfwcb7QY>

ACORDOS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTAS

- ✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 1/2024 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO
22/01/2024**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha

observación á acta nº 1/2024 de 22/01/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 22/01/2024, Acta nº 1/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 2/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 25/01/2024**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 2/2024 de 25/01/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/01/2024, Acta nº 2/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

✓ **APROBACIÓN ACTA Nº 3/2024 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO
07/02/2024**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2024 de 07/02/2024.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 07/02/2024, Acta nº 3/2024.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

2. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR CATRO LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER TAXI NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA) . EXPTE 2023/V014/000002

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR CATRO LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER TAXI NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA). sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Visto que por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de novembro de 2023, se procedeu a incoar o expediente e aprobar os seguintes pregos para a adxudicación en concorrencia de 4 licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer por procedemento aberto e concurso,

SEGUNDO.- Visto o anuncio do BOP número 239 de 18 de decembro de 2023, polo cal se dispoñía a apertura do procedemento e con ilo o prazo de presentación de proposicións por 20 días dende o día seguinte á súa publicación no BOP da Coruña,

TERCEIRO.- Visto o certificado emitido en data 23/01/2024 das ofertas presentadas en prazo, e que foron as seguintes:

Nº	Nombre Empresa	Fecha presentación.
1	JUAN JOSÉ ORDOÑEZ PATIÑO	28/12/2023
2	MARÍA CASAL SUÁREZ	12/01/2024
3	JOSÉ ÁNGEL MOARES COLLAZO	15/01/2024
4	MIGUEL CESPÓN LÓPEZ	15/01/2024
5	JORGE RUBIO COLLAZO	17/01/2024
6	JOSE ROMAR GERPE	22/01/2024

CUARTO.- Vista a Acta da mesa de contratación de data 23/01/2024, pola que se acorda:

Primeiro: Excluír do procedemento ao licitador José Romar Gerpe por non cumprir a oferta presentada co establecido nas indicadas Cláusulas 8.3 e 9ª do PCAP que rexe a licitación.

Segundo: Admitir aos licitadores que cumpren o esixido no PCAP:

- 1. JUAN JOSÉ ORDÓÑEZ PATIÑO*
- 2. MARÍA CASAL SUÁREZ*
- 3. JOSÉ ÁNGEL MOARES COLLAZO*
- 4. MIGUEL CESPÓN LÓPEZ*
- 5. JORGE RUBIO COLLAZO*

Terceiro: Fixar o día 29 de xaneiro de 2024, ás 13.00, o acto público de apertura do Sobre B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

QUINTO.- Vista a acta da mesa de contratación de data 29/01/2024, Na que se procede á apertura do sobre B, co seguinte resultado,

LICITADOR	Oferta económica €	Vehículo adaptado	Antigüidade condutor asalariado	Vehículo eléctrico ou híbrido	Vehículo 7 prazas ou máis
JUAN JOSÉ ORDÓÑEZ PATIÑO	4.500,00	SI	SI	NON	SI
MARÍA CASAL SUÁREZ	4.500,00	NON	NON	SI	NON
JOSÉ ANGEL MOARES COLLAZO	4.500,00	NON	SI	NON	SI
MIGUEL JOSÉ CESPÓN LÓPEZ	4.500,00	NON	NON	NON	SI
JORGE RUBIO COLLAZO	3.500,00	NON	NON	NON	SI

Comprobada pola Mesa de contratación a documentación presentada polos licitadores, e tendo en conta o establecido na Cláusula "DÉCIMA.- Criterios de adxudicación", dos PCAP, non se puntuá o apartado de antigüidade como condutor/a de taxi ó licitador Juan José Ordóñez Patiño, a pesar de ter indicado na oferta económica a condición sinalada, por non presentar a documentación esixida nos PCAP e na indicada Cláusula 10ª, xustificativa de condutor asalariado.

A mesa acorda, por unanimidade dos presentes:

Primeiro: Clasificar as ofertas presentadas por orde decrecente de acordo coas ofertas abertas na mesa de contratación e tendo en conta o establecido no PCAP, en canto á valoración dos criterios de adxudicación e apróbase co seguinte resultado:

Núm. de orden	Empresa	Puntuación Total
1	JUAN JOSÉ ORDÓÑEZ PATIÑO	12,00
2	JOSÉ ANGEL MOARES COLLAZO	7,13
3	MIGUEL JOSÉ CESPÓN LÓPEZ	7,00
4	MARÍA CASAL SUÁREZ	6,00
5	JORGE RUBIO COLLAZO	5,00

Terceiro: Proponer a adxudicación das CATRO licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer Taxi no Concello de Rianxo os licitadores, JUAN JOSÉ ORDÓÑEZ PATIÑO, JOSÉ ANGEL MOARES COLLAZO, MIGUEL JOSÉ CESPÓN LÓPEZ e MARÍA CASAL SUÁREZ, por ser os que acadaron maior

puntuación, de acordo cos criterios establecidos nos PCAP, e que por parte da alcaldía se proceda a requiririlles, para que no prazo de 20 días hábiles a contar a contar do seguinte ao da comunicación, para que presentes polo Rexistro do Concello de Rianxo, a documentación indicada en na Cláusula DÉCIMO CUARTA do PCAP, ao obxecto de poder continuar ca tramitación necesaria para poder proceder á adxudicación das licenzas de taxi.

SEXTO- Visto o requirimento de alcaldía de data 15/02/2024, polo que se procede a requirir ás ofertas economicamente máis vantaxosas a documentación establecida na na cláusula Decimo cuarta das Bases que rexen o proceso de licitación, outorgándolle un prazo de 20 días hábiles,

SÉTIMO.- Visto que unha vez presentada esta documentación debe ser remitida á Dirección Xeral de Mobilidade para informe vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para ser titular do título habilitante, nun prazo de tres meses dende a proposta de adxudicación,

OITAVO.- Visto que unha vez emitido informe, o órgano competente debe resolver sobre a adxudicación das licenzas, e con posterioridade a isto volver a remitir a documentación correspondente á Dirección Xeral de Mobilidade que resolvera sobre o procedemento,

NOVENO.- En aras de axilizar a resolución da adxudicación, unha vez recibamos o informe vinculante de carácter favorable por parte da Dirección Xeral de Mobilidade, posibilitando ademais a adxudicación de cada unha das licenzas conforme cada un dos licitadores vaia presentando a documentación requirida ao efecto,

Por todo o exposto, e conforme ao establecido no artigo 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **ACORDA:**

Primeiro.- Delegar na alcaldía do Concello de Rianxo a competencia para adxudicar as 4 licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer, a efectos de acelerar a súa adxudicación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común) cinco votos en contra (5 dos membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

3. NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DE RIANXO A MARUXA MIGUÉNS (ORBITA ECLÍPTICA) E XOSE ROMERO OS GAITEIROS - OS ROSALES - DE ASADOS. EXPTE.: 2024/X999/000104

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a NOMEAMENTO DE FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DE RIANXO A MARUXA MIGUÉNS (ORBITA ECLÍPTICA) E XOSE ROMERO OS GAITEIROS - OS ROSALES - DE ASADOS. sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

ANTECEDENTES

Visto que o Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Rianxo, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 134 de 13/06/1995, establece no seu artigo 6º que o Pleno da corporación poderá conferi-los nomeamentos de, entre outros, fillo predilecto. Cos nomeamentos premiaranse os méritos, cualidades e circunstancias que concorran nos galardoados. Os nomeamentos de membros honorarios da corporación non outorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración da corporación, pero o alcalde titular ou o Concello poderán encomendarlles funcións representativas.

Vista a moción presentada en data 9/01/2024, con número de rexistro de entrada 202499900000047, na que propón ao Pleno da Corporación o nomeamento de Xosé Romero e Maruxa Miguéns como fillos predilectos do Concello de Rianxo,

Visto o escrito presentado en data 22/01/2024 con número de rexistro de entrada 202499900000158, por Xusto Xosé Ordóñez Figueira, achegando un escrito da Asociación de Gaiteiras Galegas no que se suman ao Pleno do Concello de Rianxo para nomear a Maruxa Miguéns (Eclíptica Orbita) e Xosé Romero, fillos predilectos de Rianxo,

Visto o escrito presentado en data 12/02/2024 con número de rexistro de entrada 202499900000355, por Sarela Betanzos Freire, en nome do Grupo Municipal do BNG, achegando un documento asinado por Xosé Comoxo e Xesús Santos, de apoio ao nomeamento de fillos predilectos a Xosé Romero e Maruxa Miguéns,

Vista a Providencia de alcaldía de data 23/02/2024 polo que solicita informe de secretaría sobre o procedemento a seguir,

Visto o informe de secretaria de data 26/02/2024, sobre o procedemento a seguir,

En virtude do tenor das consideracións xurídicas expostas, e vistos os artigos 10 e seguintes do Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Rianxo, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 134 de 13/06/1995, o requirimento de incoación do expediente de

nomeamento de fillo predilecto precisa da previa aprobación do órgano plenario, co voto favorable de cando menos unha terceira parte dos seus membros, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Requirir ao Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, para que proceda á incoación por decreto de alcaldía do expediente de nomeamento de fillos predilectos a Eclíptica Orbita Miguéns Lustres (Maruxa Miguéns) e Xosé Romero Suárez, pola súa labor no eido da música tradicional.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR a proposta** nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

4 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2024 ata o 31/01/2024, que comprenden os números 01/2024 ao 86/2024, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión ordinaria do día 04/01/2024
- Acta nº 2 da Sesión ordinaria do día 18/01/2024

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DO 2024 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DO 2024 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Día Internacional da Muller, que empezou a conmemorarse pola Organización das Nacións Unidas (ONU) en 1975 e dous anos máis tarde foi proclamado pola súa Asemblea, atopa a súa orixe nas manifestación das mulleres que, especialmente en Europa, reclamaban a comezos do século XX o dereito ao voto, mellores condicións laborais e a igualdade entre ambos sexos. Ao longo dos anos, as loitas continuaron e fóronse logrando cambios tanto legais, sociais como culturais, que fixeron que a sociedade avanzara cara una maior igualdade.

Sen embargo, malia os avances que temos logrado, o tempo de loita das mulleres aínda non rematou. A día de hoxe, seguimos padecendo o sistema patriarcal instaurado durante o Neolítico, provocando que sigan vixentes situacións discriminatorias para as mulleres:

- Brecha salarial. Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), no 2022 a diferenza salarial mensual bruta entre homes e mulleres foi do 15.7%, 5.25 puntos porcentuais por debaixo da brecha no 2018, o que representa unha redución do 25%. Continúa sendo unha cifra inaceptable que reflicta a desigualdade e as discriminacións laborais que sofren as mulleres.
- Feminización da pobreza. A pobreza afecta máis ás mulleres, e o impacto da pandemia tivo unhas consecuencias demoledoras para as rendas das mulleres, polo abandono dos traballos e a precarización do emprego feminino. O 70% de persoas pobres no mundo son mulleres e unha de cada cinco nenas atópase por debaixo do limiar da pobreza.
- Violencia machista. Tristemente os feminicidios seguen tendo lugar, pois as mulleres son asasinadas polo simple feito de selo. Segundo o Ministerio de Igualdade, a 29 de febreiro do 2024, xa son 5 as mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas no territorio nacional.
- Falta de corresponsabilidade nos coidados. A maioría das tarefas do coidado e traballo doméstico segue recaendo fundamentalmente nas mulleres. Máis se cabe desde a pandemia ocasionada pola COVID-19, xa que aumentou o traballo do coidado non

remunerado (tanto de menores, como de persoas maiores, persoas enfermas e dependentes), o que incrementou as desigualdades de xénero xa existentes. Polo tanto, debemos apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares.

- Escasa participación de mulleres en postos de liderado. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), no ano 2023, a porcentaxe de mulleres no conxunto de Consellos de Administración das empresas que forman parte do IBEX-35 foi do 37.3%, porcentaxe 3.6 puntos superior ao do ano anterior. Nos últimos 10 anos, a presenza feminina aumentou en 23 puntos porcentuais, desde o 14.3% no 2013, ao 37.3% no 2023. O reparto é diferente en función da responsabilidade. Mentres que a porcentaxe de conselleiras nos consellos de administración das empresas é do 39.4%, na presidencia das mesmas, a presenza de mulleres é tan só do 11.8%.
- Falta de representación política. A propia FEGAMP reconece que as mulleres padecen máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política nos concellos e nas deputacións, espazos políticos aínda moi masculinizados. Dos 313 concellos de Galicia, no ano 2023 só se nomearon 70 alcaldesas, o que supón o 22% dos concellos galegos. No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40%. E nas deputacións provinciais o 36% son deputadas fronte ao 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Estas cifras reflicten que as mulleres seguen estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local.

Aínda queda moito por desenvolver ata conseguir un mundo onde a igualdade sexa unha realidade, garantindo que tódalas persoas accedan ás mesmas oportunidades. Debemos ter claro que a igualdade entre homes e mulleres non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible, tal e como se recolle nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

Desde o Concello de Rianxo, tódolos membros que conformamos esta corporación municipal comprometémonos a traballar a prol dos dereitos das mulleres ata a conquista dunha igualdade real e plena. É tempo de alzar a voz, non só por parte das mulleres, senón de maneira conxunta por parte de toda a sociedade, en favor da igualdade. Por iso, convidamos a tódolos veciños e veciñas do noso concello a participar na mobilización do vindeiro 8 de marzo para loitar contra a eliminación da discriminación e a violencia contra as mulleres, e promover o seu empoderamento e autonomía en tódolos ámbitos da vida.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a moción coa emenda sinalada no debate, resultando **APROBADA** nos seguintes

termos:

- Convidar a tódolos veciños e veciñas do noso concello a participar na mobilización do vindeiro 8 de marzo para loitar contra a eliminación da discriminación e a violencia contra as mulleres, e promover o seu empoderamento e autonomía en tódolos ámbitos da vida.
- Facer apoio explícito á participación nas actividades e mobilizacións que se realizarán entorno ao 8M no Concello de Rianxo.
- Que o Concello de Rianxo se comprometa a traballar nas políticas de igualdade, isto é, resolver as brechas salariais dentro da administración local; mellorar as condicións laborais das mulleres que traballan nos servizos de limpeza e no SAF.
- Demandar á Xunta de Galicia que se realice unha ampliación da Escola Infantil, e que se amplíe e mellore o servizo dos comedores escolares; así como que se leven a cabo e se finalicen os proxectos do Centro de Día e da Residencia no noso concello, e que se mellore tamén o servizo do SAF.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Exposición de motivos:

Cada 8 de marzo o movemento feminista internacional sae á rúa para reivindicar a igualdade de dereitos das mulleres, conseguindo nos últimos anos desenvolver mobilizacións absolutamente históricas.

O apoio en Galiza a todas as mobilizacións feministas foi multitudinario, o que demostra a fortaleza do movemento feminista galego. Por iso hoxe, desde aquí, desde o Concello de Rianxo, facemos un chamado a todas as veciñas e veciños para que este ano tamén se conten por miles as persoas que esiximos a construción dunha sociedade máis xusta e se sumen ás convocatorias

que se farán en toda a comarca.

Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas, e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. A posta en dúbida da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes. Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, do deporte ou das condicións das traballadoras que dependen de contratas públicas.

Non só é necesario non dar un só paso atrás, senón que a Galiza que vén precisa pasos adiante para avanzar en igualdade, medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.

Ante a nova constitución do Parlamento Galego, é preciso sermos esixentes en materia de igualdade e esixir que as políticas públicas establezan o seu centro de gravidade nas reivindicacións do feminismo galego.

Polas que foron, polas que son e polas que serán. Para todas, todo.

No Concello de Rianxo, traballar a prol dos dereitos das mulleres debe ser un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e, dende o BNG, apoiamos seguir traballando nesa liña para conquistar a igualdade plena. Por iso, aquí estaremos sempre presentes para reivindicar a necesidade de seguir loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ninguén queda atrás.

Por todo o exposto sometemos a debate e votación a proposta da adopción do seguinte **ACORDO**:

1. A través de todas as canles ao alcance do Concello de Rianxo: **apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego auto-organizado** que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos. Así mesmo, expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuindo a superar esta situación.

2. Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:

a) Apostar pola **igualdade no ensino**: recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual;

estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbfóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha **auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas** sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c) Impulso dunha **lei de igualdade no deporte** na que se incorporen, entre outras medidas: a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración de 2024 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ten como

lema Investir nas mulleres, acelerar o progreso, centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade, poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero, pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio.

Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Nos últimos tempos, estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais arredor de todo o mundo. Crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora.

Este ano, o 8M quere conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das desigualdades sociais que seguen existindo. Por isto, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas.

O Grupo Municipal Popular de Rianxo quere sumarse ás reivindicacións e celebración deste día para poñer de manifesto a importancia do investimento para acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e do noso Concello.

Cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación da Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que promove as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro.

Este último ano, Galicia deu un importante paso na regularización coa aprobación da Lei 07/2023, Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes na Comunidade Autónoma, aprobada o 30 de novembro. Unha medida que consagra o marco da Lei Orgánica 03/2007 para eliminar a discriminación das mulleres e atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes no eido das competencias da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Popular de Rianxo insta a acordar por parte do Pleno municipal:

a) Que o Concello, no marco das súas competencias:

Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico local.

Incrementa a colaboración coas asociacións de mulleres do concello co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.

Promova a adhesión dos locais de ocio nocturno do municipio ao Protocolo de actuación contra

as violencias sexuais e LGTBIfóbicas.

b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.

Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.

Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuizos e estereotipos de xénero.

Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.

Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etc.)

c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:

Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.

Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PP), 8 votos en contra (4 dos membros do grupo PSOE e 4 dos membros do grupo Rianxo en Común) 2 abstencións (dos 2 membros do grupo BNG) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **NON APROBADA**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DO DÍA INTERNACIONAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DO DÍA INTERNACIONAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO, sen contar

con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal PSdG Rianxo, da cordo e ao amparo do previsto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo propón a seguinte Moción.

o próximo día 2 de abril é o DÍA INTERNACIONAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO. Un día sinalado para moitas persoas, para moitas familias do noso Concello que conviven con esta discapacidade.

Somos conscientes de que un día, 24 horas non é nada comparado con toda unha vida pero sí que creemos importante aproveitar esta data para darlle visibilidade, pois é una discapacidade con moitos falsos mitos e moitas etiquetas que non son tal.

Hai moitas persoas autistas no noso concello: cativos e cativas, adolescentes e persoas adultas, grandes loitadores e loitadoras de batallas silenciosas contra moitos impedimentos e moitas barreiras, que na maioría dos casos, como pasa en outras discapacidades, lles veñen impostas pola propia sociedade inconsciente destas batallas.

Sabemos que as cousas non se cambian cun chasqueo de dedos, oxalá, entón comecemos por cambiar pequenas cousas, que pode saber a pouco, pero pode resultar un todo para moitas persoas.

Facendo acolación á frase: "**Se cambiamos a forma de ver as cousas, as cousas cambian**", podemos comezar a cambiar e planificar e executar propostas de xeito máis inclusivo e non deixar a esa parte sempre fóra da vida do noso Concello.

Por todo isto, é mais cousas que podíamos recalcar e destacar entorno a este tenra, o Grupo Municipal do Psoe de Rianxo, queremos instar non samente ó equipo de Goberno, senón a todo o Pleno Municipal a :

Participar da campaña de Autismo España a Lightlt Up Blue (ilumínalo de azul), rexistrando a fachada do Concello para que ésta se ilumine de azul como xesto de solidaridade hacia as persoas autistas e as súas familias, na propia data ou datas cercanas.

NOTA: Acerco modelo de carta da Asociación Autismo España para adherirse a esta campaña con enlaces á súa páxina web para a súa información.

- Programar actividades inclusivas para a conmemoración desta data e facer partícipes tanto a

familias con nenos e nenas, adolescentes como a persoas adultas para una maior concienciación e como punto de inflexión para ter en conta máis programación inclusiva durante todo o ano nas diferentes áreas do Concello.

- A que sumemos iniciativas, esforzo, ganas pero sobre todo empatía e comecemos a traballar para facer do noso Concello un lugar donde nadie se quede atrás. Temos recursos de profesionais, educativos, loxísticos....pero sobre todo o que temos son moitas familias e moitas persoas que están dispostas a colaborar e participar, que é o realmente importante.

“ Estimado/a Julián Bustelo:

El 2 de abril se celebra el Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo, una fecha que tiene como objetivo visibilizar a las personas con trastorno del espectro del autismo (TEA) y promover su participación social en igualdad de condiciones.

En el marco de esta celebración, el movimiento asociativo del autismo en nuestro país promueve un año más la iluminación en azul de edificios y monumentos de toda España, como muestra de apoyo y solidaridad con las personas autistas y sus familias. Se trata de la iniciativa mundial conocida como Light It Up Blue (Ilumínalo de azul), a la que cada año se suman más edificios y monumentos, tanto de titularidad pública como privada.

Por ese motivo nos dirigimos a usted, para solicitarle que la fachada del Concello de Rianxo se ilumine de azul la tarde-noche del martes 2 de abril, o en torno a esa fecha.

Puede confirmar que se sumarán a esta iniciativa solidaria en este formulario:

<https://form.typeform.com/to/er2kNcn5>

Para conocer más detalles de la iniciativa Light It Up Blue (Ilumínalo de azul), puede visitar la página web www.diamundialautismo.com.

.../...”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE AO CEIP ADR CASTELAO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE ACCESIBILIDADE AO CEIP ADR CASTELAO, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme a Lei galega 1012Q14, do 3 de decembro, de accesibilidade, en conexión con outros preceptos constitucionais e Legais, os poderes públicos están obrigados a implantar e adoptar as medidas necesarias para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades, especialmente para as persoas con discapacidades, faga realidade o concepto de accesibilidade e deseño dos espazos públicos para todas as persoas facilitando o seu uso universal con plena seguridade.

As instalacións do Colexio ADR Castelao incumpren esta normativa:

Non cumpre as condicións de accesibilidade universal, deseño universal, inclusión social e igualdade: o colexio non pode ser, utilizado por todas as persoas en condición de seguridade, comodidade e de xeito autónomo. **É preciso a súa adaptación e deseño especializado, así como tamén, eliminar as barreiras arquitectónicas que limitan o acceso e dispoñer medidas de apoio** (produtos de apoio, apoio persoal, mobiliario urbano e realizar obras de rehabilitación e reforma).

- **Non cumpre a reserva de espazos de aparcamento para persoas con mobilidade reducida dentro das instalacións do centro escotar.**
- **Non cumpre a obrigaón de acceso interior aos edificios nin de comunicación horizontal:** o colexio carece de itinerarios accesibles e comprensibles, non permite a circulación de persoas en cadeiras de rodas, o pavimento non está axeitado para limitar o risco de esvaróns e facilitar o desprazamento das persoas con discapacidade e tampouco hai comunicación visual.
- **Non cumpre a obrigaón de mobilidade vertical:** o colexio carece dun medio accesible alternativo ás escaleiras: nin ascensor nin rampa.

- **Non cumpre a obrigación de aseos accesibles e adaptados.**
- **Non cumpre a obrigación de sinalización internacional de accesibilidade.**

O colexio ADR Castelao conta cunha alumna en cadeira de rodas que cursa o segundo curso de infantil e que dentro dun ano terá que pasar para o primeiro andar, varios alumnos con mobilidade reducida e varios pais en cadeiras de rodas que non poden acceder a moitas dependencias do centro; ademais, todos os anos ao longo do curso hai alumnado que precisa o uso de muletas por diversos motivos. Así pois, **urxe**:

- **A instalación dun ascensor en cada un dos edificios do colexio**
- **A remodelación de todos os aseos**
- **A mellora na accesibilidade ás instalacións interiores e exteriores do centro: aparcamento para persoas con mobilidade reducida dentro das instalacións do colexio, instalación e modificación de ramplas no exterior, e colocación de varandas e pasamáns.**

Por todo o antedito, a ANPA Os Gudiños propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte acordo:

- **Instar á Xunta de Galicia ao cumprimento da normativa en materia de accesibilidade ao CEIP ADR Castelao de Rianxo e á realización das obras menores consistentes na instalación dun ascensor en cada un dos edificios do centro escolar, a remodelación de todos os aseos e a mellora na accesibilidade ás instalacións interiores e exteriores do centro; rematando coa discriminación que sofren as persoas con problemas de mobilidade e/ou con algunha discapacidade e que impiden a súa plena participación nas actividades escolares.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO EN APOIO Ó SECTOR PRODUCTIVO PRIMARIO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE RIANXO EN APOIO Ó SECTOR PRODUCTIVO PRIMARIO, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

XUSTIFICACIÓN DA MOCIÓN

O campo español e en xeral todo o sector productivo primario está a atravesar unha situación de dificultade que vén provocada por múltiples factores, como o incremento dos custos de produción; as asfixiantes esixencias burocráticas e regulatorias; a aplicación da nova PAC con máis esixencias ambientais que se fan recaer sobre os agricultores e gandeiros; e a seca.

Iso motivou que miles de agricultores e gandeiros maniféstense para reclamar ao Goberno de España e á Unión Europea un cambio no Plan Estratéxico da PAC, unha modificación das medidas ambientalistas e os ecorregímenes, unha revisión da Lei da Cadea Alimentaria ou a derogación da Lei de Benestar Animal.

Son reivindicacións que o Partido Popular comparte, porque as políticas ambientalistas da Unión Europea, que foron amparadas e aínda intensificadas polo Goberno de España, levaron ao sector a unha situación insostible.

As peticións do campo español son as mesmas que o PP veu facendo en distintos foros ao Goberno de España. Con todo, o Goberno socialista foi o maior defensor desas políticas ambientais, sen atender ao compoñente económico e social, obviando o impacto que teñen no medio rural.

Da mesma maneira o Goberno fixo caso omiso ao sector, sen diálogo algún nin consenso nas decisións, o que levou aos profesionais e organizacións do sector primario á mobilización.

Os conselleiros competentes en materia de agricultura e gandería do Partido Popular pediron ao ministro de agricultura en numerosas ocasións que se reúna a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural de forma extraordinaria, para tratar precisamente os asuntos que o sector está a pedir, pero non se atendeu esta proposta e negouse a sentar a falar dos problemas reais do campo.

O Goberno, coas súas accións, agravou a situación do campo. Negociou unha PAC que supuxo menos ingresos e máis esixencias ambientais; non deu resposta á situación de seca; disparou os custos de produción; non adaptou o sistema de seguros agrarios; adiantou prazos por encima do esixido pola UE; estableceu o imposto ao plástico e ameazou cun novo imposto á produción e distribución.

Os agricultores e gandeiros españois están a soportar unhas cargas inasumibles, cuns requisitos e custos que afogan os seus beneficios, que non permiten garantir a súa rendibilidade e poñen en risco a sustentabilidade das súas explotacións. A acción do Goberno levou ao campo a unha perda de competitividade, diminuíndo a produción en España e incrementando as importacións, cando asegurar alimentos de calidade a prezos razoables para a cidadanía debe ser unha prioridade.

O Partido Popular é o partido do campo e do medio rural. Defendemos aos nosos agricultores e gandeiros e solicitamos ao Goberno un plan de choque con quince medidas de aplicación inmediata, para dar resposta á crise do sector agrario. En particular, esiximos:

- Reivindicar o carácter estratéxico do sistema productivo alimentario español, a súa achega á economía e a vida no ámbito rural.
- Reforzar a imaxe de España como un país atractivo pola calidade dos seus produtos alimentarios, a seguridade dos seus alimentos e o alto valor da nosa gastronomía.
- Garantir a produción de alimentos en Europa e non incrementar a nosa dependencia de terceiros países.
- Esixir un informe previo de impacto na economía rural aparelado a calquera norma que se aprobe.
- Esixir a flexibilización do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PAC), a efectos de reducir os trámites e revisar os ecorrímenes.
- Promover un Pacto Nacional da auga que asegure a dispoñibilidade de auga para cultivos e industrias, como garantía de seguridade alimentaria. Para iso, é necesario comprometer un investimento en infraestruturas para facer fronte a secas, altas temperaturas e control de inundacións, así como modernizar regadíos.
- Esixir a revisión da Lei da Cadea Alimentaria co obxectivo de garantir o equilibrio entre os axentes da cadea e evitar a inseguridade xurídica.
- Revisar o Plan de Seguros Agrarios combinados para actualizar rendementos por hectárea e ampliar coberturas ante problemas de mercados.
- Reformar o PERTE agroalimentario, a fin de axustalo ás características do tecido agroindustrial español.

- Creación dun equipo de expertos para revisar as políticas de sanidade animal, que, ademais, analice a situación da cabana gandeira e estableza criterios técnicos de prevención e atención ante enfermidades.
- Revisar todos aqueles elementos que lastran a nosa competitividade, e que non son esixencia de Europa
- Esixir ao Goberno o compromiso de non crear novos impostos, nin aplicar cargas adicionais a ningún dos axentes da cadea alimentaria.
- Suspende o imposto ao plástico, que leva recadado máis do previsto.
- Rebaixar o IVE dos produtos esenciais, incluíndo carne, peixe, conservas e todos os produtos lácteos ou os seus derivados.
- Esixir o pago inmediato das indemnizacións correspondentes polos danos causados en Francia aos produtos españois.

É por iso polo que desde o Grupo Popular do Concello de Rianxo sometemos ao Pleno Corporativo o seguinte:

ACORDO A ADOPTAR

- 1.- Mostrar o apoio ao sector primario en Rianxo, aos seus agricultores, gandeiros e pescadores. Reivindicamos a súa importancia no desenvolvemento da nosa localidade e Comunidade Autónoma, tanto desde o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.
- 2.- Apoiar o plan de choque de 15 medidas que reivindicou o Partido Popular ao que se refire esta iniciativa, para facer fronte á crise do sistema agrario e agroalimentario español.
- 3.- Solicitar a Xunta de Galicia para que a súa vez, inste ao Goberno de España a que adopte estas medidas coa maior brevidade posible.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 7 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PP), 8 votos en contra (dos 4 membros do grupo PSOE e 4 membros do grupo Rianxo en Común) cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta

NON APROBADA

5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

37bf0420f745a2b308f68a90080a7577ad6cbd726f4a436cecdc76d3ed65a53

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=nJNvfwcb7QY>